

Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñaría - ETSE

Juan Carlos Vidal Aguiar, secretario da Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñaría,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que a Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñaría na sesión ordinaria celebrada o 23 de novembro de 2023 aprobou os seguintes puntos que se indican a continuación:

1. Aprobación, se procede, das actas das reunións anteriores

A Xunta de Escola aproba a acta da reunión ordinaria do 21/09/2023.

2. Aprobación, se procede, dos acordos da comisión permanente

A Xunta de Escola aproba a adscrición da materia Seguridade da información do Grao en Enxeñaría Informática ás áreas de coñecemento, ademais dun cambio de horario do Grao en Enxeñaría Química.

4. Aprobación, se procede, de modificacións nos horarios de Grao en Enxeñaría Química, Grao en Enxeñaría Informática e Grao en Intelixencia Artificial, curso 2023-24.

A Xunta de Escola aproba os seguintes cambios nos horarios:

Grao en Enxeñaría Informática:

Materia Modelos y Técnicas de Optimización, 4º Curso, 2º Semestre: Debido ó número de matriculados na materia optativa (34 alumnos) engádese un grupo de docencia interactiva. O novo grupo terá docencia os xoves de 10:00-11:30 na aula IA-S2

Grao en Enxeñaría Química:

Materia Economía de Empresa, 2º Curso, 2º Semestre: Retrásase o inicio das sesións interactivas para dar tempo a impartir unha sesión mais de teoría. As sesións q se moven son as seguintes:

- A sesión do grupo-A do 29 de xaneiro pásase ó día 13 de maio
- A sesión do grupo-B do 30 de xaneiro pásase ó día 7 de maio
- A sesión do grupo-C do 21 de marzo pásase ó día 16 de maio

Tratamento de Augas 3º Curso, 2º Semestre: Auméntase o número de grupos de seminarios. Isto implica que sexa necesario dar unhas horas mais que se realizarán os venres de 16-17 horas ata o 23 de febreiro.

Transporte de lúidos, 2º Curso, 1º Semestre: Por problemas coa a aplicación informática utilizada na materia, pospuxéronse as sesións interactivas da semana do 30/10. Os cambios son os seguintes:

- A sesión do grupo-1 do 2 de novembro pásase ó día 1 de decembro
- A sesión do grupo-2 do 3 de novembro pásase ó día 1 de decembro
- A sesión do grupo-3 do 2 de novembro pásase ó día 5 de decembro

- A sesión do grupo-4 do 3 de novembro pásase ó día 23 de novembro

Grao en Intelixencia Artificial:

Matemática Discreta, 1º Curso, 1º Semestre: Por incompatibilidades horarias dun novo profesor prodúcense os seguintes cambios no horario:

- A sesión expositiva de Matemática Discreta dos mércores intercámbiase coa de Programación 1.

A sesión expositiva de Matemática Discreta dos venres intercámbiase coa de Álgebra.

5. Aprobación, se procede, do recoñecemento da actividade “Sementeira” para a titulación de Dobre Grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas.

A Xunta de Escola aproba o recoñecemento da actividade “Sementeira”.

6. Aprobación, se procede, do nomeamento de membros de comisións académicas.

A Xunta de Escola aproba os seguintes nomeamentos:

Máster en Enxeñaría Ambiental:

- Secretario: Francisco Omil en lugar de M. Carmen Palacios
- Representantes do estudantado:
 - 2º curso: Alberto Fraile De Benito (titular), Camila Machado Fernández (suplente)
 - 1º curso: Verónica Cives Sollevatto (titular), Martín Corral Gil (suplente)

7. Aprobación, das declaración de intención de modificacións non substanciais das titulacións Máster en Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos: Big Data e Máster en Visión por Computador.

A Xunta de Escola aproba a adscrición dos dous másteres ao ámbito de coñecemento de “Enxeñaría Informática e de Sistemas”.

8. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento de Réxime Interno da ETSE

A Xunta de Escola aproba as modificación no Regulamento de Réxime Interno da ETSE.

E para que así conste, asino o presente documento en Santiago de Compostela.

Anexos:

- Informe de actividades de desenvolvidas pola Comisión de Igualdade da ETSE no curso 2022-23
- ACTA da Xunta ETSE do 21/09/2023
- Convocatoria Xunta de Escola do 23/11/2023
- Informe Aula profesional 2022-23
- Horario GrEQ 2023-24
- Recoñecemento nos estudos de graos 2024 SEMENTEIRA
- Regulamento ETSE modificado

INFORME DE ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS POLA COMISIÓN DE IGUALDADE DA ETSE NO CURSO 2022-23

**25 de novembro de 2022: DÍA INTERNACIONAL POLA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA
CONTRA AS MULLERES**



Lectura do manifesto
25 N-RUIGEU

Organiza: Comisión de
Igualdade da ETSE

25 de novembro de 2022
ás 13:15 horas
no Salón de Actos
da ETSE

(Actividade sen custo)

9-20 de xaneiro de 2023

Exposición Mulleres Enxeñeiras de Éxito: Trátase dunha iniciativa da Unión de Asociacións de Enxeñeiros Técnicos Industriais e Graduados en Enxeñaría da Rama Industrial en España (UAIIE), á que pertence o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de A Coruña (Coeticor), co obxectivo de visibilizar o papel dalgunhas das enxeñeiras referentes dentro do sector, achegando así o seu labor e traxectoria á cidadanía.

Exposición "Mulleres Enxeñeiras de Éxito"

A Escola Técnica Superior de Enxeñaría da USC acolle a exposición "Mulleres Enxeñeiras de Éxito" que ten por obxectivo dar a coñecer o papel e relevancia de 26 mulleres enxeñeiras ao longo da historia.

Poderá visitarse do 9 ao 20 de xaneiro de 2023 na *Biblioteca da ETSE*.

Organiza: Comisión de Igualdade da ETSE



(Actividade sen custo)

11 de febreiro de 2023: DÍA INTERNACIONAL DA MULLER E A NENA NA CIENCIA

11F Día
Internacional da
Muller e a Nena
na CIENCIA

Falamos con:

M^a Begoña Vila Costas

Enxeñeira de Sistemas de Instrumentación
na NASA Goddard Space Flight Centre

sobre:

*O Telescopio Espacial James Webb:
ollando cara atrás no tempo.*

Organiza: Comisión Igualdade ETSE

Data: 16 Febreiro 2023

Horario: 12.15 a 13.30 h

Lugar: Salón de actos da ETSE

Público: Aberto a toda a comunidade
universitaria

Inscrición:

<https://forms.office.com/e/ub0RHmsKb9>

Antes do 13 de febreiro



Begoña Vila Costas
“O Telescopio
Espacial James Webb:
ollando cara atrás no
tempo”

Comisión de Igualdade da ETSE

11F Día
Internacional da
Muller e a Nena
na CIENCIA



(Custo da actividade: 483,90 €)

8 de marzo de 2023: DO DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES

Lectura do manifesto 8M-RUIGEU



Lectura do manifesto
8M-RUIGEU
e foto para o
ÁlbumMulleresUSC2023

8 de marzo de 2023
ás 10:00 horas no
Salón de Actos da ETSE

Organiza: Comisión de
Igualdade da ETSE



Recadamos as palabras vencelladas á Enxeñaría que mellor nos definen.



(Actividade sen custo)

**13 de abril de 2023: ENTREGA DOS PREMIOS ÁNGELA RUÍZ ROBLES Á EXCELENCIA
DOCENTE E INVESTIGADORA**

Os premios Angela Ruíz Robles á excelencia docente e investigadora foron propostos pola Comisión de Igualdade da ETSE e aprobados en Xunta de Escola de 9 de xuño de 2022. O premio foi presentado pola profesora Paula López Martínez, directora adxunta do CITIUS, no acto do Día da Escola.



PREMIO ÁNGELA RUÍZ ROBLES Á EXCELENCIA DOCENTE (Grao en Enx. Química)
Ana M ^a Soto Campos
PREMIO ÁNGELA RUÍZ ROBLES Á EXCELENCIA DOCENTE (Máster en Enxeñaría Ambiental)
Gumersindo Feijoo Costa
PREMIO ÁNGELA RUÍZ ROBLES Á EXCELENCIA DOCENTE (Máster Big Data)
Manuel Felipe Mucientes Molina
PREMIO ÁNGELA RUÍZ ROBLES Á EXCELENCIA INVESTIGADORA (Dpto. Enxeñaría Química)
M ^a Teresa Moreira Vilar



(Actividade sen custo)

23 de xuño de 2023: DÍA INTERNACIONAL DA MULLER NA ENXEÑERÍA

Continúase coa ampliación do espazo da nosa web “Enxeñeiras Referentes da USC”: Os ODS, a contribución da Enxeñaría Química e da Enxeñaría Informática vista desde os ollos das nosas egresadas.

<https://www.usc.gal/gl/centro/escola-tecnica-superior-enxenaria/enxeiras-referentes-usc>



(Custo da actividade: 170 €)

CONVOCATORIA ORDINARIA

XUNTA DA ESCOLA TECNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA

Data: 23 de novembro de 2023

Hora: 11:45 h. (1ª convocatoria); 12:15 h. (2ª convocatoria).

Lugar: Aula de Proxectos

Por orde da Sra. Directora, convócase a Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñaría, na data, hora e lugar indicados, coa seguinte:

ORDE DO DIA

1. Aprobación, se procede, das actas das reunións anteriores
2. Aprobación, se procede, dos acordos da comisión permanente
3. Informes.
4. Aprobación, se procede, de modificacións nos horarios de Grao curso 2023-24.
5. Aprobación, se procede, do recoñecemento da actividade “Sementeira” para a titulación de Dobre Grao en Matemáticas e Enxeñaría Informática.
6. Aprobación, se procede, do nomeamento de membros de comisións académicas.
7. Aprobación das declaración de intención de modificacións non substanciais das titulacións Máster en Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos: Big Data e Máster en Visión por Computador.
8. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento de Réxime Interno da ETSE.
9. Quenda aberta

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2023

O Secretario da Escola Técnica Superior de Enxeñaría

Juan Carlos Vidal Aguiar

Membros de Xunta de Escola.

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: JUAN CARLOS VIDAL AGUIAR, NIF ***2389**, 20/11/2023 13:48:25.

CSV: 1FCE-EF69-4ACB-8A4E

Curso 2023-24
Grao en Enxeñaría Química (2º curso)
Horarios de Prácticas do 2º cuatrimestre

Materia	Horario	Laboratorio
Transm. calor	9:00-11:00	I.1
<i>Transm. calor</i>	9:00-11:00	I.3
Expresión Gráfica	11:00-13:00	Aula Proxectos
<i>Expresión Gráfica</i>	9:00-11:00	Aula Proxectos
Química Orgánica	9:00-13:00	Fac. Química
<i>Química Orgánica</i>	9:00-13:00	I.1
Economía de Empresa	17:00-19:00	A.1
Lab. TFTC	9:00-13:00	Lab. B.1

FEBREIRO	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
29xan-2		Lab. TFTC-ing	Lab. TFTC-ing	Lab. TFTC-ing	Lab. TFTC-2
	<i>Economía de Empresa-A</i>	<i>Economía de Empresa-B</i>		Economía de Empresa-C	
5-9	Lab. TFTC-2	Lab. TFTC-2	Lab. TFTC-1	Lab. TFTC-1	Lab. TFTC-1
	Economía de Empresa-A	Economía de Empresa-B		Economía de Empresa-C	
12-16			Lab. TFTC-ing	Lab. TFTC-ing	Lab. TFTC-ing
19-23	Lab. TFTC-2	Lab. TFTC-2	Lab. TFTC-2	Lab. TFTC-1	Lab. TFTC-1
	Economía de Empresa-A	Economía de Empresa-B		Economía de Empresa-C	
26-1 marzo	<i>Expresión Gráfica-2</i>		<i>Expresión Gráfica-3</i>		
	Expresión Gráfica-ing		Expresión Gráfica-1		
		Lab. TFTC-1		Lab. TFTC-ing	Lab. TFTC-ing
			<i>Química Orgánica-2</i>		
	Economía de Empresa-A	Economía de Empresa-B		Economía de Empresa-C	

MARZO	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
4-8	<i>Expresión Gráfica-3</i>		<i>Expresión Gráfica-2</i>		
	Expresión Gráfica-ing		Expresión Gráfica-1		
		Lab. TFTC-ing		Lab. TFTC-2	Lab. TFTC-2
	Economía de Empresa-A	Economía de Empresa-B		Economía de Empresa-C	
			<i>Química Orgánica-3</i>	<i>Química Orgánica-1</i>	<i>Química Orgánica-ing</i>
11-15	<i>Expresión Gráfica-3</i>		<i>Expresión Gráfica-2</i>		
	Expresión Gráfica-ing		Expresión Gráfica-1		
		Lab. TFTC-2		Lab. TFTC-1	Lab. TFTC-1
	Economía de Empresa-A	Economía de Empresa-B		Economía de Empresa-C	
18-22	<i>Expresión Gráfica-1</i>		<i>Expresión Gráfica-2</i>		
	Expresión Gráfica-ing		Expresión Gráfica-3		
	Economía de Empresa-A	Economía de Empresa-B		<i>Economía de Empresa-C</i>	
		Lab. TFTC-1		Lab. TFTC-ing	Lab. TFTC-ing

25-29					
-------	--	--	--	--	--

ABRIL	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1-5	<i>Expresión Gráfica-2</i>		<i>Expresión Gráfica-3</i>		
	Expresión Gráfica-ing		Expresión Gráfica-1		
	Economía de Empresa-A	Economía de Empresa-B		Economía de Empresa-C	
		Lab. TFTC-ing		Lab. TFTC-2	Lab. TFTC-2
8-12	<i>Expresión Gráfica-1</i>		<i>Expresión Gráfica-3</i>		
	Expresión Gráfica-ing		Expresión Gráfica-2		
		Lab. TFTC-2			Lab. TFTC-1
		Química Orgánica-1	Química Orgánica-1	Química Orgánica-1	
	Economía de Empresa-A	Economía de Empresa-B		Economía de Empresa-C	
15-19		<i>Expresión Gráfica-2</i>	<i>Expresión Gráfica-3</i>		
		Expresión Gráfica-ing	Expresión Gráfica-1		
				Lab. TFTC-1	Lab. TFTC-1
		Química Orgánica-3		Química Orgánica-3	Química Orgánica-3
		Economía de Empresa-B		Economía de Empresa-C	
22-26		Química Orgánica-2	Química Orgánica-2	Química Orgánica-2	
		Transm. calor-1		Transm. calor-3	<i>Transm. calor-ing</i>
	Economía de Empresa-A	Economía de Empresa-B		Economía de Empresa-C	Transm. calor-2
	<i>Expresión Gráfica-2</i>		<i>Expresión Gráfica-3</i>		
	Expresión Gráfica-ing		Expresión Gráfica-1		

MAIO	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
29abr-3	Química Orgánica-ing	Química Orgánica-ing		Química Orgánica-ing	
	Economía de Empresa-A	Economía de Empresa-B		Economía de Empresa-C	Lab. TFTC-ing
6-10	Economía de Empresa-A	<i>Economía de Empresa-B</i>			
	Lab. TFTC-2	Lab. TFTC-1			
13-16	<i>Economía de Empresa-A</i>			<i>Economía de Empresa-C</i>	

Nota: O número tras do nome da materia fai referencia ó grupo de alumnos.

Curso 2023-24
Grao en Enxeñaría Química
Horario de Teoría do 2º cuatrimestre

AULA A.2					
1º CURSO					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00-10:00	Matemáticas	Matemáticas	Matemáticas	Informática	Matemáticas
10:00-11:00	Física	Física	Física	Estatística	Informática (ing)
11:00-12:00	Estatística	Estatística	Estatística	Química Inorgánica	APQ-Sem* /Tutorías
12:00-13:00	Química Inorgánica	Química Inorgánica	Química Inorgánica	RESERV. ACTIV. ETSE	APQ-Sem* / Tutorías
13:00-14:00	Análisis Procesos Químicos	Informática	Informática (ing)		APQ-Sem* /Tutorías

AULA A.1					
2º CURSO					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
15:00-16:00	Transmisión de Calor*	Transmisión de Calor*	Transmisión de Calor*	Transmisión de Calor*	Transmisión de Calor
16:00-17:00	Química Orgánica*	Química Orgánica*	Química Orgánica*	Econ. Empresa	Química Orgánica
17:00-18:00	Expresión gráfica/Prácticas	Expresión gráfica-ing/Prácticas	Econ. Empresa	Expresión gráfica-ing/Práct	Expresión Gráfica
18:00-19:00	Expresión gráfica/Prácticas	Expresión gráfica-ing/Prácticas	Econ. Empresa	Prácticas/Titorías	Titorías

* Aula de Proxectos

AULA A.3					
3º CURSO					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00-10:00	Enxeñaría Ambiental*	Control de procesos	Control de Procesos	Control de Procesos	Enxeñaría Procesos
10:00-11:00	Enxeñaría Procesos	Enxeñaría Procesos	Enxeñaría Procesos	Enxeñaría Ambiental*	Enxeñaría Ambiental
11:00-12:00	Reactores Químicos	Reactores Químicos	Reactores Químicos	Reactores Químicos	Xestión da Calidade
12:00-13:00	Tratamento de residuos	Tratamento de residuos	Enxeñaría Ambiental*	Tratamento de residuos	Tratamento de augas
13:00-14:00	Operacións separación	Operacións separación	Operacións separación	Tratamento de augas	Tratamento de augas
16:00-17:00		Control de procesos**		Xestión da Calidade	<u>Tratamento de augas***</u>
17:00-18:00				Xestión da Calidade	
18:00-19:00					

* Aula A8

**Ata 12/03/2024

*** Ata 21 de febreiro

Curso 2023-24
Grao en Enxeñaría Química (2º curso)
Horario de Prácticas de 1º cuatrimestre

Materia	Horario	Laboratorio
TAEQ	9:00-11:00	I.2
Transp Flúidos	9:00-11:00	I.1
<i>Transp Flúidos</i>	11:00-13:00	I.1
Ecs Diferenciais	11:00-13:00	I.1
Química Analítica	10:00-13:00	Fac. Química
Electrotecnia	9:00-11:00	I.4
<i>Electrotecnia</i>	9:00-11:00	Lab. B.3

SETEMBRO	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
11-15					
18-22	<i>Electrotecnia-1</i>	<i>Electrotecnia-2</i>	<i>Electrotecnia-3</i>	<i>Electrotecnia-4</i>	
25-29	<i>Electrotecnia-1</i> Ec Diferenciais 3	<i>Electrotecnia-2</i>	<i>Electrotecnia-3</i> Ec Diferenciais-1	<i>Electrotecnia-4</i> Ec Diferenciais 2	
OUTUBRO	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
2-6	<i>Electrotecnia-1</i> Ec Diferenciais 3	<i>Electrotecnia-2</i>	<i>Electrotecnia-3</i> Ec Diferenciais-1	<i>Electrotecnia-4</i> Ec Diferenciais 2	
9-13					
16-20	<i>Electrotecnia-1</i> Ec Diferenciais 3	<i>Electrotecnia-2</i>	<i>Electrotecnia-3</i> Ec Diferenciais-1	<i>Electrotecnia-4</i> Ec Diferenciais 2	
23-27	<i>Electrotecnia-1</i> Ec Diferenciais 3	<i>Electrotecnia-2</i>	<i>Electrotecnia-3</i> Ec Diferenciais-1	<i>Electrotecnia-4</i> Ec Diferenciais 2	
NOVEMBRO	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
30out-3	<i>Electrotecnia-1</i>	<i>Electrotecnia-2</i>		<i>Electrotecnia-4</i> <i>Trans flúidos-1</i> <i>Trans flúidos-3</i>	<i>Electrotecnia-3</i> <i>Trans flúidos-2</i> <i>Trans flúidos-4</i>
6-10	<i>Electrotecnia-1</i> Ec Diferenciais 3	<i>Electrotecnia-2</i>	<i>Electrotecnia-3</i> Ec Diferenciais-1	<i>Electrotecnia-4</i> Ec Diferenciais 2	Quím. Analítica-1
13-17	Quím. Analítica-1	Quím. Analítica-1	Quím. Analítica-1	Quím. Analítica-1	TAEQ-3
20-24	Quím. Analítica-2	Quím. Analítica-2	Quím. Analítica-2	Quím. Analítica-2 <i>Trans flúidos-4</i>	Quím. Analítica-2
27-1 dec	Quím. Analítica-3	Quím. Analítica-3 TAEQ-2	Quím. Analítica-3 TAEQ-1	Quím. Analítica-3	Quím. Analítica-3 <i>Trans flúidos-2</i> <i>Trans flúidos-1</i>
DECEMBRO	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
4-8		<i>Trans flúidos-3</i>			
11-15					

Nota: O número tras do nome da materia fai referencia ó grupo de alumnos.

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA

Aprobado pola Xunta de Escola do xx de xxxx de 2023.

Aprobado polo Consello de Goberno xx de xxx de 2023

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1. A Escola Técnica Superior de Enxeñaría (ETSE) é un centro da Universidade de Santiago de Compostela encargado da xestión e a organización de estudos no ámbito da enxeñaría. A ETSE ten como misión principal contribuír a formación integral, nunha contorna estimulante de innovación e de relacións humanas, de enxeñeiras e enxeñeiros comprometidas/os co desenvolvemento da sociedade baixo principios éticos, de solidariedade, de igualdade de xénero e de sustentabilidade

A ETSE velará especialmente pola promoción da lingua galega, a igualdade de xénero e os obxectivos do desenvolvemento sostible; en liña co Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades e coa Memoria de Responsabilidade Social da USC.

TÍTULO I DAS FUNCÍONS

Artigo 2. Funcións da Escola

Son funcións da Escola:

- a) Elaborar os plans de estudio correspondentes ó seu ámbito de competencia e participar na elaboración dos que conduzan á obtención de Títulos que poidan estar adscritos a máis de unha Escola ou Facultade.
- b) Xestionar, organizar e administrar os servizos, equipamentos e recursos da súa competencia, e avaliar a calidade dos mesmos.
- c) Coordinar e supervisar as actividades docentes desenvolvidas no Centro e avaliar a calidade docente, participando nos procedementos que a Universidade estableza e aplicando os procedementos que ela mesma poda desenvolver.
- d) Elaborar un calendario de actividades lectivas para cada curso, que se deberá facer público con anterioridade á apertura da matrícula.
- e) Realizar as actividades de xestión académica que lle encomende a Universidade.
- f) Promover programas de intercambio académico.

- g) Promover e por en marcha medidas para a realización de prácticas externas, en coordinación cos Departamentos adscritos.
- h) Coñecer a actividade investigadora que se desenvolva no Centro.
- i) Promover estudos de posgrao.
- j) Realizar actividades de formación permanente no seu ámbito de competencia.

TÍTULO II

DOS ÓRGANOS DE GOBERNO DA ESCOLA

Artigo 3. Órganos de Goberno e Administración

Son órganos de goberno e administración da Escola: a) A Xunta de Escola; b) A Dirección; c) As Subdireccións; d) A Secretaría.

CAPÍTULO I

DA XUNTA DE ESCOLA

Artigo 4. A Xunta de Escola

A Xunta de Escola é o órgano colexiado de goberno do Centro e, como tal, aproba as liñas xerais de actuación no ámbito da Escola e supervisa o labor dos seus órganos de goberno e administración.

A Xunta de Escola actuará a través do *Pleno* ou das *Comisións*: Comisión Permanente e Comisións Delegadas da Xunta de Escola.

Artigo 5. Composición da Xunta de Escola

1. Composición

A Xunta de Escola estará composta por:

- a) A Dirección, que a presidirá e convocará.
- b) As Subdireccións.
- c) A Secretaría, que o será tamén da Xunta.
- d) Responsable da Unidade de Apoio a Xestión de centros e departamentos.
- e) A Dirección da Biblioteca do Centro
- f) O seguinte persoal docente e investigador e persoal investigador en formación, con docencia no centro e censado nel, ou non censado con encargo docente igual ou maior ao 35% da capacidade docente do profesorado a tempo completo:
 - Todo o profesorado con vinculación permanente, que constituirán o 51% da Xunta.
 - Representación do resto do persoal docente e investigador, que disporán do 10% do total, dos que o profesorado a tempo parcial terán un 2%, cun mínimo dun

representante.

g) Representación do estudiantado

- Estudiantado de grao, que disporá dun 26% da Xunta.
- Estudiantado de master e doutoramento se procede, que disporán dun 6% da Xunta.

h) Representación do Persoal de Administración e Servizos (PAS) censado no Centro, que disporá dun 7% do total, cun mínimo de 2 representantes.

2. Duración

Os representantes do PDI e PAS serán elixidos/as por un período de dous anos mentres que os representantes do estudiantado o serán por un ano. A condición de membro da Xunta de Escola perderase ó cesar a vinculación co Centro, ou cesar nos requisitos demandados ó sector polo que foi elixido/a.

3. Invitados/as

Serán convocados, con voz pero sen voto, o profesorado, persoal investigador e PAS que sen pertencer á Xunta realicen actividades de carácter docente, investigador ou administrativo no Centro. Poderán convocarse igualmente, con voz pero sen voto, o estudiantado e persoal alleo á ETSE sempre que estean implicados nalgún asunto da orde do día.

Artigo 6. Competencias e funcións da Xunta de Escola

- a) Elixir ó/a Director/a e, de ser o caso, tratar da súa remoción mediante unha moción de censura construtiva que deberá ser aprobada pola maioría absoluta dos membros da Xunta de Escola.
- b) Elaborar e aprobar o seu regulamento de réxime interno.
- c) Supervisar a xestión dos distintos órganos de goberno e administración do Centro.
- d) Elaborar e aprobar os proxectos dos plans de estudos das titulacións adscritas ó Centro.
- e) Propoñer ós Departamentos encargados da docencia modificacións na estrutura da programación docente das materias dos plans de estudos das titulacións adscritas, tratando de obter unha máis axeitada coordinación entre os contidos.
- f) Aprobar as liñas xerais da política académica do Centro, incluíndo a implantación de posibles novas titulacións e a organización de cursos ou estudos de posgrao.
- g) Emitir informes sobre a actividade académica das/os profesoras/es.
- h) Establecer os criterios de avaliación dos servizos que presta o Centro e elaborar un informe anual da calidade dos mesmos.
- i) Organizar os servizos docentes para a obtención dos títulos académicos no seu ámbito, así como a coordinación e a supervisión da actividade docente do profesorado con docencia no centro, incluíndo a aprobación do Plan Docente Anual (PDA).
- j) Programar os servizos e equipamentos do Centro e supervisar a súa xestión.
- k) Aprobar a distribución das asignacións orzamentarias do presuposto da Escola e o control da súa aplicación.
- l) Informar das propostas de creación, modificación ou supresión de Departamentos relacionados co Centro pola súa docencia e investigación.
- m) Crear as Comisións Informativas, sen carácter decisorio, que estime oportunas coas competencias que lles asigne o Pleno.
- n) Organizar actividades de formación permanente e de extensión universitaria.
- o) Propoñer distincións honoríficas Universitarias, así como candidatas/os aspirantes aos

- distintos premios que se convoquen.
- p) Pronunciarse sobre tódolos asuntos relacionados co Centro, ou coas súas actividades.
 - q) Aqueloutras que se lle atribúan neste Regulamento ou nos Estatutos da Universidade así como todas aquelas relativas ó Centro e que non figuren expresamente en ningún outro Regulamento.(que lle encomende un órgano competente ou a lexislación vixente)

Artigo 7. Convocatorias do Pleno

O Pleno reunirase con carácter ordinario polo menos tres veces durante o curso académico en período hábil e con carácter extraordinario ben por decisión da Dirección, da Comisión Permanente ou ben a pedimento do 25% dos membros do Pleno.

A orde do día será elaborada pola Dirección, asistida polo Equipo de Dirección do centro. Na orde do día incorporaranse as propostas de puntos a tratar, avaladas polas sinaturas dun mínimo do 15% dos membros da Xunta, presentadas na Secretaría do Centro cun mínimo de 5 días hábiles de antelación a convocatoria.

As Convocatorias da Xunta de Escola faranse cunha antelación mínima de 48 horas de antelación mediante correo electrónico. Se a convocatoria extraordinaria se efectuara a pedimento dos membros do Pleno ou da Comisión Permanente a reunión deberá convocarse sempre dentro dos dez días lectivos seguintes á petición.

As reunións poderán realizarse, cando se considere oportuno, por medios telemáticos e adaptaranse ao que dispoña a normativa vixente, tendo en conta a evolución dos medios tecnolóxicos e respectando o indicado neste regulamento.

Artigo 8. Funcionamento do Pleno

1. Constitución

A Xunta de Escola constitúese validamente en primeira convocatoria coa asistencia da Dirección e da Secretaría ou de quen legalmente as substitúa e da metade dos membros restantes ou en segunda convocatoria, que se celebrará 30 minutos despois, debendo asistir ademais da Dirección e da Secretaría, ou quen legalmente as substitúan, o 25% dos seus compoñentes. De non acadar o *quórum* nesta segunda convocatoria procederase a unha nova convocatoria do Pleno nos vindeiros tres días hábiles.

2. Funcionamento

A Xunta de Escola será presidida pola Dirección, asistida polo Equipo de Dirección. A Dirección ou quen a substitúa dirixirá o debate, establecendo quendas de palabra e realizando a primeira e última intervención respecto de cada un dos puntos da orde do día. Ao final das intervencións procederase á votación das propostas. No suposto de duración excesiva da reunión, e por acordo maioritario dos presentes, poderase suspender a sesión, que deberá proseguirse no prazo máis breve posible. Non será posible incluír na orde do día puntos que non figuren previamente na convocatoria, nin cambiar a orde dos mesmos, agás que os membros do órgano así o acorden por maioría.

No suposto de ausencia accidental da dirección, poderá ser substituída por unha subdirección, e no caso de ausencia accidental da secretaria a dirección designará quen a substitúa.

3. Votacións

As decisións pódense tomar por asentimento ou por votación. Os acordos ordinarios decíranse mediante votación por maioría simple, agás nos casos da elección ou revogación da Dirección, e modificación do Regulamento, nos que se aplicará o que estableza a normativa. En casos de empate, decidirá o voto de calidade da Dirección.

As votacións serán públicas e con carácter excepcional secretas. As votacións realizaranse mediante procedemento secreto cando os acordos afecten directamente a persoas concretas, se proceda á designación de persoas ou que polo menos un 25% dos/as presentes así o solicite.

De acordo co establecido no Regulamento Electoral Xeral da USC, nas votacións de Xunta de Escola non se admiten a delegación de voto nin o voto anticipado.

Non se poden adoptar acordos sobre asuntos que non figuren na orde do día, salvo que todos os membros de Xunta de Escola estean presentes e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

Os membros da Xunta de Escola que discrepen dos acordos adoptados poden formular voto particular por escrito no prazo de 48 horas, o cal se incorporará ao texto aprobado.

4. Actas

A secretaría da Xunta, que será a secretaría da Escola, levantará acta de todas as sesións.

En cada acta figurarán inescusablemente as seguintes mencións:

- a) Membros da Xunta de Escola nominalmente designados que asistiron á sesión, salientando as ausencias xustificadas.
- b) Orde do día.
- c) Acordos adoptados e recomendacións.

Na acta téñense que incluír as circunstancias de tempo e lugar nas que se celebre a Xunta, os puntos principais das deliberacións, un resumo dos debates coas diferentes posicións e os textos literais dos acordos. Calquera membro ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que achegue no acto ou nos dous días seguintes o texto que corresponda fielmente á súa intervención, de xeito que se fará constar así na acta ou uniráselle unha copia.

A acta dunha reunión aprobarase na seguinte reunión ordinaria do mesmo órgano. Logo de aprobada cada acta será asinada pola Secretaría ou quen a substituíse, co visto e praxe da Dirección ou quen efectivamente presidise a reunión. As actas deberán recollerse en documentos electrónicos e deberán archivarase seguindo as instrucións ditadas pola Secretaría Xeral. A Secretaría recompilará anualmente todas as actas das sesións do órgano colexiado, entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro. As actas redactaranse en soporte electrónico, reproduciranse coas sinaturas, dilixencias e contidos legais.

Os membros da Xunta de Escola teñen dereito a solicitar certificacións dos acordos aprobados.

A Secretaría publicará os acordos adoptados. A publicación efectuarase por medios electrónicos na páxina web da Escola.

CAPÍTULO II

DA DIRECCIÓN

Artigo 9. A Dirección

A Dirección é o órgano unipersoal de dirección executiva e de xestión do Centro. Representa á Escola, preside os seus órganos colexiados e executa os acordos destes.

Artigo 10. Competencias da Dirección

Son competencias da dirección:

- a) A representación da Escola.
- b) A presidencia das reunións da Xunta de Escola e de calquera outro órgano colexiado dela, así como a execución dos seus acordos.
- c) A vixilancia do cumprimento da legalidade en todas as actuacións da Escola.
- d) A dirección académica de todas as titulacións oficiais adscritas ao centro.
- e) A dirección económica das actividades organizadas polo centro.
- f) A proposta ao/á reitor/a do nomeamento e cesamento do/a secretario/a da Escola e, de ser o caso, dos/as subdirectores/as, dentro do límite que sinala o Consello de Goberno.
- g) A proposta ao/á reitor/a do nomeamento e cesamento dos/das coordinadores/as das titulacións oficiais da facultade, previa consulta coas comisións dos títulos do centro e tras aprobación en Xunta de Escola.
- h) A vixilancia do respecto dos dereitos e do cumprimento dos deberes de todos os membros da comunidade universitaria que desenvolven o seu labor no centro.
- i) O control do cumprimento das obrigas docentes e discentes.
- j) O control do adecuado mantemento do patrimonio do centro.
- k) O exercicio das restantes funcións que deriven do seu cargo, así como aquelas outras que lle sinalen os Estatutos da USC ou a lexislación universitaria.

Artigo 11. Elección da dirección

A Xunta de Escola elixirá a Dirección de acordo co procedemento establecido na normativa electoral da USC, de entre o profesorado con vinculación permanente á Universidade censado no centro, e será nomeado polo reitor/a.

De non se poder levar a cabo a elección por falta de persoas candidatas que reúnan os requisitos esixidos, o Consello de Goberno, tras a proposta do reitor/a, encargarlle provisoriamente a función de dirección a un/ha profesor/a con vinculación permanente á Universidade censado/a no centro. Rematado o curso académico convocaranse novas eleccións.

Artigo 12. Duración do mandato

O mandato da Dirección será o que establezan os Estatutos da USC ou normativa superior.

A Dirección cesará nas súas funcións ó remate do seu mandato, a pedimento propio, ou como consecuencia dunha moción de censura aprobada pola Xunta de Escola.

CAPÍTULO III

A SECRETARÍA

Artigo 13. A Secretaría

1. Nomeamento e cese:

A Secretaría será nomeado/a polo/a reitor/a, segundo a proposta da Dirección, de entre o profesorado ou funcionariado dos subgrupos A1 e A2 censados/as no centro.

A Secretaría cesará por decisión do/a reitor/a, tras a proposta da Dirección ou por petición propia.

2. Competencias:

A Secretaría da Escola é quen dá fe dos actos e acordos dos órganos de goberno, representación e administración do centro e, como tal, ten encomendada a custodia das actas e a expedición das certificacións dos acordos e de todos os actos ou feitos que consten nos documentos oficiais do centro. Ademais, exercerá aquelas outras funcións que lle encomenden a dirección, a lexislación vixente e os Estatutos da USC.

CAPÍTULO IV

AS SUBDIRECCIÓNS

Artigo 14. Os/as Subdirectores/as

1. Nomeamento e cese:

As Subdireccións serán nomeadas polo/a reitor/a, por proposta da dirección, de entre os membros da comunidade universitaria da Escola que reúnan os requisitos establecidos no artigo 71 dos Estatutos da USC.

As Subdireccións cesarán no seu cargo por decisión do/a reitor/a, logo da proposta da Dirección, ou por petición propia.

2. Competencias:

É labor das Subdireccións coordinar ou dirixir, baixo a autoridade da dirección, a área ou áreas de competencias que este lles encomende, sen prexuízo de que as funcións técnico-administrativas correspondan ao persoal de administración e servizos. De existir varias Subdireccións, a dirección designará quen ten que substituíla, en caso de ausencia ou enfermidade.

TÍTULO TERCEIRO

DAS COMISIÓNS

CAPÍTULO V

DAS COMISIÓNS DELEGADAS DA XUNTA DE ESCOLA

Artigo 15. Natureza e funcións

As comisións actuarán como órganos de asesoramento técnico por delegación da Xunta de Escola.

As comisións terán como misión informar e asesorar sobre todos aqueles asuntos que este Regulamento ou os órganos de goberno da Escola competentes lles encomenden.

Os acordos das Comisións deberán someterse á ratificación da Xunta, a non ser que se trate de un asunto no que a competencia fose delegada nela.

Artigo 16. Comisións delegadas

Son comisións ordinarias delegadas da Xunta de Escola as seguintes:

- a) Comisión Permanente
- b) Comisión de Seguridade e Saúde
- c) Comisión de Normalización Lingüística.
- d) Comisión de Igualdade.
- e) Comisión de Biblioteca

Artigo 17. Funcionamento

Cada comisión terá a súa estrutura e réxime de composición e funcionamento. Todas elas estarán presididas pola Dirección ou membro do Equipo de Dirección en quen delegue.

Os membros das comisións delegadas deben ser membros da Xunta de Escola.

Os membros das comisións delegadas que non o sexan por razón do seu cargo, serán elixidos no Pleno da Xunta de Escola. Os membros das Comisións Delegadas serán elixidos

polo sector respectivo da Xunta de Escola entre o profesorado, o estudiantado e os PAS pertencentes á mesma.

Se algunha persoa candidata fora elixida en máis dunha comisión, terá que optar entre unha delas e nas outras pasará a ocupar o seu posto o seguinte máis votado. Exceptúanse deste suposto a pertenza á Comisión Permanente. A incompatibilidade para figurar en máis dunha comisión non terá vixencia nos sectores que non reúnan o número suficiente de candidatas/os para cubrir tódalas prazas nas distintas comisións.

As comisións renovaranse cando haxa renovación da Xunta de Escola. No caso de sectores que teñen convocatorias de eleccións reguladas, a renovación farase de acordo coa normativa pertinente.

As Comisións delegadas constitúense validamente en 1ª convocatoria coa asistencia da Dirección e da Secretaría ou de quen legalmente os substitúa e da metade dos membros restantes ou en 2ª convocatoria, que se celebrará 30 minutos despois, debendo asistir ademais da Dirección e a Secretaría, ou quen legalmente os substitúan, o 25% das persoas membros. De non acadar o *quórum* nesta segunda convocatoria procederase a unha nova convocatoria da Comisión nos vindeiros tres días hábiles.

As secretarías das comisións levantarán acta de todas as sesións. A acta dunha reunión aprobarase na seguinte reunión ordinaria do mesmo órgano. Logo de aprobada cada acta será asinada pola Secretaría ou quen a substituíse, co visto e prace da Dirección ou quen efectivamente presidise a reunión.

A secretaría da ETSE publicará os acordos adoptados. A publicación efectuarase por medios electrónicos na páxina web da Escola.

Artigo 18. Comisión Permanente

A Comisión Permanente é o órgano ordinario de goberno da Escola que garante a axilidade das súas actuacións. Estará composta pola Dirección, que a presidirá e convocará, a Secretaría, que tamén o será da mesma, un representante de cada Departamento con sede na Escola, a proposta do mesmo, un membro do profesorado de cada unha das titulacións adscritas a proposta da Comisión de Titulación. Un representante dos Departamentos con Docencia na Escola pero non adscritos á mesma, un membro do estudiantado de cada unha das titulacións adscritas e un PAS, que serán elixidos/as polo seu respectivo sector na Xunta de Escola.

1. Competencias

A Comisión Permanente será competente para:

- a) Coñecer e decidir sobre calquera asunto que sexa competencia da Xunta de Escola e non estea reservado expresamente ao Pleno (Artigo 6.a – 6.ñ)
- b) Adoptar acordos sobre os asuntos que lle fosen delegados pola Xunta de Escola.
- c) Coñecer e decidir sobre os asuntos de trámite, que serán definidos na Xunta de Escola.
- d) Coñecer sobre os asuntos que lle sexan presentados polas Comisións Delegadas e Comisións Informativas, e no seu caso, eleválos ao Pleno.
- e) Validar a programación docente das titulacións adscritas, previo informe da Comisión de

- Titulación respectiva.
- f) Aprobar solicitudes de accións de mellora tanto de infraestruturas como de actividades docentes en base a convocatorias.
 - g) Coñecer de cantas cuestións sexan sometidas pola Dirección á súa consideración no exercicio das súas funcións.

2. Informe de acordos

A Secretaría da Escola informará ao Pleno, na primeira sesión que este celebre con posterioridade á última reunión celebrada pola Comisión Permanente, de tódalas actuacións da Comisión, agás as decisións en asuntos de trámite.

3. Convocatorias

A Comisión Permanente reunirse polo menos unha vez por curso, e tantas outras como considere oportuno a Dirección, ou a pedimento dun 25% dos seus membros. A convocatoria farase cunha antelación mínima de dous días lectivos. As decisións tomaranse por maioría simple dos membros presentes, correspondendo á Dirección o voto de calidade no caso de empate.

Artigo 19. Comisión de Seguridade e Saúde

1. Composición

A Comisión estará composta por un membro do equipo directivo da ETSE, que a presidirá, a Secretaría da ETSE, que será a secretaria da Comisión, o/a Responsable de Seguridade da ETSE (deberá ser membro da Xunta de Escola), as direccións dos departamentos adscritos ou quen as represente (deberán ser membros da Xunta de Escola), 3 representantes do profesorado, 2 representantes do estudantado e 1 PAS. Sempre que os temas a tratar así o aconsellen serán invitados, con voz pero sen voto, os responsables dos espazos de investigación e docencia do centro.

2. Competencias

Son competencias da Comisión de Seguridade e Saúde:

- a) Adoptar as medidas pertinentes para o cumprimento do Proxecto de Seguridade da ETSE e promover unha cultura de seguridade.
- b) Adoptar as medidas necesarias para a integración do Proxecto de Seguridade da ETSE co Plan de Calidade da ETSE.
- c) Velar polo cumprimento das normativas de aplicación na ETSE como centro de traballo
- d) Mellorar a formación en seguridade do persoal do centro.
- e) Revisar os informes sobre condicións de traballo, condicións das instalación, autoprotección e propoñer accións de mellora relacionadas.
- f) Xestionar as adaptacións dos postos de traballo.
- g) Xestionar a coordinación de actividades empresariais.
- h) Realizar o seguimento dos proxectos da Oficina de Xestión de Infraestruturas no centro.
- i) Xestionar as necesidades de formación en materias de prevención de riscos laborais e autoprotección.
- j) Elaborar as directrices para a coordinación de actividades cos responsables de seguridade

dos espazos de traballo.

Artigo 20. Comisión de Normalización Lingüística

1. Composición

A Comisión estará composta por un membro do equipo directivo da ETSE, que a presidirá, 3 representantes do profesorado, 2 representantes do estudiantado e 1 membro do PAS.

2. Competencias

Son competencias da Comisión de Normalización Lingüística:

- a) Elaborar un plan de normalización lingüística do centro enmarcado no Plan de Normalización Lingüística da USC.
- b) Difundir información e recursos dentro da ETSE.
- c) Difundir as accións de normalización propostas e coordinadas polo Servizo de Normalización Lingüística (SNL).
- d) Distribuír documentos e recursos técnicos elaborados polo SNL.
- e) Difundir os servizos ofrecidos polo SNL.
- f) Detectar necesidades e elaborar anualmente un programa de actividades enmarcadas no plan de normalización.
- g) Recoller datos obxectivos sobre o uso do galego na ETSE nos diferentes ámbitos.
- h) Propoñerlle anualmente actuacións á Xunta de Escola.
- i) Vehicular a recepción de solicitudes lingüísticas dos membros do centro encamiñadas á normalización do uso da lingua.
- j) Facer un seguimento das accións normalizadoras.

Artigo 21. Comisión de Igualdade

1. Composición

A Comisión estará composta por un membro do equipo directivo da ETSE, que a presidirá, 3 representantes do profesorado, 2 representantes do estudiantado e 1 membro do PAS.

2. Competencias

Son competencias da Comisión de Igualdade:

- a) Impulsar e velar polo cumprimento do Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades entre Homes e Mulleres da USC.
- b) Integrar a perspectiva de xénero en todos os ámbitos da Escola.
- c) Analizar a situación da Escola respecto á igualdade de xénero e propor protocolos e medidas de mellora.
- d) Fomentar actividades orientadas á sensibilización sobre temas de igualdade de xénero.

Artigo 22. Comisión de Biblioteca

No Centro existirá unha Comisión de Biblioteca, cuxa composición e funcións serán as establecidas no correspondente regulamento do Servizo, e que garantizará, en todo caso, a participación de todos os sectores da Comunidade Universitaria.

CAPÍTULO VI

DAS COMISIONS PARA O SEGUIMENTO DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

Artigo 23. Comisiones para o seguimento do sistema de garantía de calidade.

As comisións para o seguimento do sistema de garantía de calidade (SGC) son:

- a) Comisión de Calidade
- b) Comisiones de Título

Dado o seu carácter non delegado, os membros destas comisións que non o sexan por razón do seu cargo non terán que ser necesariamente membros da Xunta de escola.

Artigo 24. Comisión de Calidade

1. Composición

A Comisión estará composta pola Dirección da ETSE, que a presidirá, a Secretaría da ETSE, que será a secretaria da Comisión, as Subdireccións, Responsable de Calidade da ETSE, a coordinación de cada unha das titulacións impartidas, Responsable de Relacións Exteriores e Mobilidade, 1 representante do estudiantado por cada titulación que sería un dos delegados de curso elixido entre eles ou por sorteo e o/a Responsable da Unidade de Apoio á Xestión.

2. Competencias

Son competencias da Comisión de Calidade:

- a) Elaborar o borrador da política e obxectivos da calidade do centro.
- b) Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e mellora do Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) no Centro
- c) Elaborar a Memoria Anual de Calidade do Centro que englobará distintos informes e memorias:
- d) Informe do nivel de cumprimento da política e obxectivos de calidade e o establecemento de novas propostas
- e) Informe do seguimento da implantación do SGIC e a súa proposta de mellora
- f) Memoria anual do título/s e propostas de mellora
- g) Promover a formación dos seus membros no ámbito da Avaliación e Xestión de Calidade, programando actividades de formación orientadas a este fin.

Artigo 25. Comisións de títulos (grao ou mestrado)

A Comisión de Título é o órgano colexiado ordinario de xestión do título e ocuparase daquelas cuestións que atinxan ao normal desenvolvemento do programa de estudos que establece a memoria, de acordo con este regulamento e/ou o SGC do centro.

A Xunta de Centro aprobará a composición da comisión de título e trasladará esta información á Vicerreitoría con competencias en titulacións. O nomeamento da comisión é competencia do/ reitor/a.

1. Composición

Establecerase unha comisión de título específica para cada unha das titulacións adscritas ao centro que estará constituída por:

- a) Responsable do centro ou persoa en que delegue, que a presidirá.
- b) Coordinador/a do título, que será PDI do título, e actuará como secretario/a.
- c) Responsable de calidade do centro (RCC).
- d) Un mínimo de catro e un máximo de doce membros do PDI. Estarán incluídas as coordinacións de curso ou módulo. Os demais membros do PDI se elixirán tendo en conta a en carga lectiva das áreas de coñecemento segundo establece cada comisión. O número mínimo poderá ser inferior a 4 no caso de título interuniversitarios cunha participación minoritaria da USC ou cun número elevado de universidades participantes, segundo establece o convenio interuniversitario.
- e) Responsable de apoio á xestión de centros e departamentos do centro.

Como representantes do estudiantado do título estarán os delegados/as e como suplentes os subdelegados/as, agás nos másteres de 1 curso nos que serán o delegado/a e o subdelegado/a.

Terán a condición de invitados permanentes, con voz pero sen voto a Coordinación de Prácticas en Empresa e o/a Responsable de Traballos Fin de Grao (presidente/a da Comisión de TFG).

Poderán participar tamén (con voz pero sen voto) na comisión, cando así o demande a natureza do asunto a tratar, profesorado externo, egresados/as, profesionais ou representantes de colexios ou sociedades profesionais.

No caso dos títulos interuniversitarios, o convenio regulador deberá contemplar a existencia dunha comisión do título interuniversitaria e as normas de composición, da que deberá formar parte a coordinación do título na USC.

A renovación do PDI da comisión do título efectuarase cada catro anos a través dun proceso electoral. Para o caso do estudiantado, a súa renovación farase cada curso académico tralo proceso de elección de delegados/as e subdelegados/as.

A Xunta de Escola aprobará a composición da Comisión de Título e trasladará esta información á vicerreitoría con competencias en titulacións. O nomeamento da Comisión é competencia do/da reitor/a.

2. Coordinación do título.

O/A coordinador/a deberá ser un/ha docente doutor/a, con dedicación a tempo completo e docencia no título. No caso dos graos, o/a coordinador/a poderá ser tamén un/ha docente non doutor/a, pero deberá cumprir as demais condicións.

A Xunta de centro por proposta da Dirección aprobará a proposta de coordinador/a, da que se dará traslado á Vicerreitoría competente en materia de titulacións. O nomeamento é competencia do reitor/a.

A renovación da coordinación efectuarase cada catro anos. A duración máxima no cargo será de oito anos consecutivos.

3. Funcións

Son competencias das Comisións de Títulos:

- a) Velar polo correcto desenvolvemento da programación docente do título.
- b) Informar sobre a adecuación da programación docente das materias ao respectivo plan de estudos e ás normas da USC. Para este fin, deberá supervisar o desenvolvemento da programación docente das materias do plan de estudos en tódolos seus aspectos, e en particular: obxectivos, contidos, habilidades adquiridas polo estudantado, metodoloxía de ensino e avaliación da aprendizaxe propostas polo Departamento.
- c) Organizar a xestión dos Traballos Fin de Grao/Máster. Para tal fin, poderá propoñer unha Comisión de TFGs/TFMs, para a cal elaborará o seu regulamento interno.
- d) Promover a coordinación entre os programas das materias da titulación.
- e) Estudar os informes de calidade dos resultados das enquisas de avaliación docente, os resultados académicos e, no seu caso, propoñer medidas para superar os problemas detectados.
- f) Analizar a proposta de horario de clases teóricas, prácticas e exames, e asesorar ao equipo directivo no seguimento do seu cumprimento.
- g) Elaborar e actualizar regularmente a táboa de validacións das materias da titulación.
- h) Propoñer resolucións de traslados, convocatorias de gracia e anulacións de convocatorias, aplicando as normas establecidas para iso pola Xunta de Escola. Propoñer resolucións de validacións correspondentes a estudantes procedentes doutros centros, créditos de libre elección, prácticas externas e intercambios. Nestes dous últimos casos, a resolución realizarase a proposta do/a titor/a da práctica ou intercambio correspondente.
- i) Informar sobre a actividade docente do profesorado da titulación, a solicitude dos mesmos, da Xunta de Escola, ou dos órganos competentes da Universidade. Prestarase particular atención ós criterios de avaliación establecidos pola Xunta de Escola.
- j) Elaborar a proposta de Plan Docente Anual (PDA).
- k) Promover e coordinar as actividades relacionadas cos intercambios docentes, tanto no ámbito nacional como internacional.
- l) Promover e coordinar as relacións con empresas e institucións para fomentar, entre outros, programas de prácticas en empresas, realización de proxectos fin de carreira,

- visitas técnicas, de divulgación das actividades da ETSE, etc.
- m) Promover a organización de cursos, conferencias e actividades de formación continua ou de extensión universitaria.
 - n) Actuar, a pedimento de parte, designando Comisións de arbitraje para dirimir as diferenzas académicas entre estudantado e profesorado. Ditas Comisións estarán compostas por dúas/dous profesoras/es da área de coñecemento e do departamento que imparta a materia, que os designará, e dúas/dous alumnas/os, un/ha matriculado/a na materia, e outro/a que a teña superada. Se se tratase de cuestións relativas ao último curso da titulación, o/as estudantes serían deste curso e matriculado/as na materia de que se trate. A Comisión de Titulación, oída a Comisión de arbitraje, emitirá un ditame final que será trasladado á Xunta de Escola. Deste artigo exceptúanse os conflitos relativos á revisión de cualificacións, que se rexen pola normativa da USC.
 - o) Analizar a información proporcionada pola Coordinación da Titulación para levar a cabo o seguimento e a valoración da eficacia e a adecuación do Título.
 - p) Anualmente realizar un informe dos resultados do título e a proposta de mellora recollidos na Memoria Anual do Centro e, cando sexa necesario, facer proposta de modificación e suspensión do título.
 - q) A Comisión poderá nomear Comisións "ad hoc" para o seu asesoramento nun tema específico, que se disolverán cando a necesidade xa non exista.
 - r) Formular a proposta de oferta de prazas e criterios de admisión, de acordo coa memoria do título, para a súa aprobación pola Xunta de centro e posterior aprobación polo Consello de Goberno visto o informe emitido pola Xunta de centro
 - s) Tramitar propostas de modificación do título consonte o establecido no regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado na USC e a normativa en vigor.
 - t) Todas aquelas outras funcións de tipo académico necesarias para o correcto desenvolvemento do programa e que non fosen encargadas a ningún outro órgano.

TÍTULO IV

REPRESENTACIÓN DO ESTUDANTADO

Artigo 26. Representación do estudantado

A Representación do Estudantado é o órgano de xestión das labores de representación estudiantil na Escola.

1. Delegadas/os de curso

O estudantado de grao elixirá dous representantes (delegada/o e subdelegada/o de curso) por curso en cada unha das titulacións de grao impartidas no Centro. Para as titulacións de máster o seu estudantado elixirán como mínimo un delegado/a.

2. Composición da Representación do Estudantado

A Representación do Estudantado estará formada por todas/os as/os delegadas/os de curso así como polos representantes do estudantado de grao/máster elixidos como

membros de Xunta de Escola.

3. Competencias

- a) Elixir, entre os seus membros, unha/un Presidenta/e e unha/un Secretaria/o
- b) Elaborar un Regulamento, que deberá ser aprobado por maioría absoluta, e presentado ao Pleno da Xunta de Escola a través do estudantado pertencente ao mesmo, para a súa ratificación.
- c) Formar parte das comisións de título e de calidade.
- d) Propoñer, coordinar e programar actividades de carácter xeral do estudantado da Escola. As actividades poden ser propostas por iniciativa da Representación ou dalgún membro da Escola.
- e) Canalizar as peticións, iniciativas e suxestións do estudantado verbo de distintos aspectos do funcionamento do Centro, que serán presentadas á Xunta de Escola polos representantes en dita Xunta.
- f) Representar ao estudantado da ETSE naqueles órganos universitarios, autonómicos ou nacionais onde lle sexa requerido.

TITULO V

MODIFICACION DO REGULAMENTO

Artigo 27. Modificación do regulamento

O presente regulamento poderá ser modificado por acordo de Xunta de Escola se é apoiado pola maioría absoluta, en primeira volta, e maioría simple en segunda. A iniciativa para a reforma do Regulamento pode ser adoptada pola Dirección do centro, polas Direccións dos Departamentos adscritos ao centro, ou mediante proposta asinada polo 25% dos membros da Xunta de Escola. As solicitudes de modificación do Regulamento serán presentadas mediante escrito razoado, acompañadas da nova redacción do artigo ou artigos que se desexen modificar. A solicitude incluírase na orde do día da seguinte Xunta de Escola.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Para o que non estea previsto no presente regulamento, nos Estatutos ou normativa de Universidade, aplicarase o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e Lei 40 2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou outras que as substitúan.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derrogado o regulamento de réxime interno da Escola Técnica Superior de

Enxeñaría, ratificado polo Consello de Goberno o 25 de febreiro de 2021.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor coa súa publicación no Taboleiro da sede electrónica da USC, logo da súa ratificación polo Consello de Goberno.

**ANEXO: NORMAS PARA A ELECCION DE
COMISIONS DELEGADAS DA XUNTA DE ESCOLA NORMAS
XERAIS**

- a) Tódolos representantes nas Comisións delegadas deben ser membros da Xunta de Escola.
- b) A elección farana para cada sector os respectivos membros na Xunta de Escola.
- c) Para tódolos sectores se elixirán os membros máis votados. Os empates resolveranse aplicando sucesivamente os criterios de maior categoría profesional, maior antigüidade na categoría e idade.

SISTEMA DE ELECCIÓN:

- a) En sesión da Xunta de Escola.
- b) Proporcionarase a cada elector unha lista dos candidatos do seu sector.
- c) De acordo co Regulamento para a elección de membros da Xunta de Escola, cada elector/a soamente poderá da-lo seu voto a un número de candidatas/os equivalente ó 70% do número total, segundo se indica na seguinte táboa onde A é o número de representantes a elixir e B o número de máximo de candidatas/os aos que poderá dar o seu voto.

A	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
B	1	1	2	3	4	4	5	6	6	7	8	8

- d) Se algún candidato/a sae elixido en máis de unha Comisión, terá que elixir entre unha delas, e nas outras pasaría a ocupa-lo seu posto o seguinte máis votado. (a Comisión Permanente exceptúase deste suposto) A incompatibilidade para figurar en máis dunha Comisión desaparece nos sectores que non reúnan o número suficiente de candidatas/os para cubrir tódalas prazas nas distintas Comisións.

ACTA

XUNTA ORDINARIA DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA

Data: 21 de setembro de 2023
Hora: 12:15 h. (2ª convocatoria)
Lugar: Aula de Proxectos

Asistentes

Membros:

PDI permanente:

Argüello Pedreira, Francisco Santiago
Carballa Arcos, Marta
Cariñena Amigo, María Purificación
Carreira Nouche, María José
Fernández Rivera, Francisco
Flores González, Julián Carlos
Freire Leira, María Sonia
Gómez Díaz, Diego
González Álvarez, Julia
Guerra Pestonit, Rosa Ana
Hospido Quintana, Almudena
Lama Penín, Manuel
López Vilarino David
Moreira Vilar, María Teresa
Mosquera González, Antonio

Mucientes Molina Manuel
Omil Prieto, Francisco
Pardo López, Xosé Manuel
Pedrido Castiñeiras, Rosa María
Pena Brage, Francisco José
Rodil Rodríguez, Eva
Rodríguez Figueiras, Óscar
Rodríguez Martínez, Héctor
Soto Campos, Ana María
Taboada González, José Ángel
Taboada Iglesias, María Jesús
Triñanes Fernández, Joaquín Ángel
Varela Pet, José

Resto de PDI:

Vidal Aguiar, Juan Carlos

Alumnado de Grao e Máster:

Barreiro Domínguez, Víctor Xesús
Senín Sotelo, Darío

Romasanta Sanmiguel, Raúl

PAS: Palacios Oubiña, María del Carmen

Convidados:

López Fandiño, Javier
Quesada Barriuso, Pablo

Suárez Garea, Jorge Alberto
Gómez Pedreira, María Dolores

Xustifican a súa ausencia:

Blanco Heras, Dora
Mauricio Iglesias, Miguel

Fernández Pena, Anselmo Tomás
Soto Campos, Ana María

1. Aprobación, se procede, das actas das reunións anteriores

A Directora expón que están pendentes de aprobación as actas da reunión ordinaria do 07/06/2023 e da reunión extraordinaria do 12/07/2023.

Sen comentarios por parte da Xunta de Escola, as actas apróbanse por asentimento.

2. Aprobación, se procede, dos acordos da comisión permanente

A Directora indica que na reunión da Comisión permanente do 12/07/2023 aprobouse un informe favorable de docencia para o investigador distinguido Beatriz Galindo Juan Antonio Corrales Ramón así como o calendario de TFG do curso 2023-24.

Sen comentarios por parte da Xunta de Escola, o acordo ratifícase por asentimento.

3. Informes

A Directora indica que se achegou á convocatoria o informe que recolle os principais feitos e actividades acontecidos dende a Xunta de Escola do 30/03/2023. Neste período celebráronse tres Xuntas de Escola extraordinarias os días 18 de abril, 1 de xuño e 12 de xullo e unha ordinaria o 7 de xullo de 2023.

Informe de títulos:

A Directora informa que no Consello de goberno de 31 de maio de 2023 aprobouse a modificación do Regulamento do TFG do Grao en Enxeñaría Informática. Ademais, no Consello de Goberno de 21 de xullo de 2023 aprobouse o Regulamento de Traballo fin de Máster do Máster Interuniversitario en Intelixencia Artificial (MIA).

A Directora comenta que a Universidade de Santiago de Compostela (USC) seleccionou o Máster en Enxeñaría Química e Bioprosos (MEQB) para a Convocatoria de Másteres de excelencia do SUG.

A Directora indica que na convocatoria para o financiamento de accións de mellora de másteres oficiais (2023) concedéronse 3961 €, o total solicitado, coa seguinte distribución: 1775 € no MEQB, 1286 € no MIA e 900 € no Máster Interuniversitario en Visión por Computador (MCV).

A Directora menciona que o 01/09/2023 a Secretaría Xeral de Universidades emitiu un Informe Favorable de envío a verificación das modificacións do Grao en Enxeñaría Química (GrEQ) e do MEQB, para o curso 2024-25. A Directora comenta que nese informe indícase que a ACSUG decidirá en último termo se as modificacións solicitadas supoñen modificación substancial ou requiren unha nova verificación do título.

A Directora lembra que o 11/09/2023 celebrouse o acto de benvida para o alumnado de nova incorporación dos Graos. Este ano hai 218 alumnos/as novos: 89 no Grao en Enxeñaría Informática (GrEI), con nota de corte de 11,106, 12 no Doble Grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas (DGIM), con nota de corte de 13,000, 55 no Grao en Intelixencia Artificial (GRIA) con nota de corte de 11,190 e 62 no GrEQ con nota de corte de 7,927. A Directora comenta que as notas de corte da USC no GRIA foron superiores ás da Universidade de Vigo (UVigo), con 9,920 (55 alumnos) e ás da Universidade da Coruña (UdC) con 11,150 (55 alumnos). A Directora resalta que esta diferenza é maior no caso do GrEI dado que a nota de corte para UVigo foi de 8,340 (153 alumnos) e para a UdC foi de 9,398 (273).

A Directora indica que aínda está aberto nalgúns casos o prazo de matrícula para as prazas vacantes en másteres, ata o 5 de outubro. Este prazo afecta incluso a másteres que teñen as prazas completas dado que aínda poden producirse baixas, particularmente do alumnado pendente de visados. A Directora detalla a situación actual da matrícula nos másteres:

- MIA: 20 alumnos matriculados (máximo 20). Acordouse prorrogar o prazo de matrícula ata a primeira semana de outubro.
- Máster en Computación de Altas Prestacións (MHPC): 6 alumnos matriculados en modalidade presencial e 9 alumnos en modalidade a distancia (2 alumnos asociados ó convenio coa Universidad Cergy non contan) (máximo 12)
- Máster en Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos (MBD): 19 alumnos matriculados (máximo 20) (houbo unha baixa).
- MCV: 8 alumnos matriculados (máximo 7)

- Máster en Enxeñaría Ambiental (MENA): 21 alumnos matriculados (máximo 30). Dado que hai 5 alumnos pendentes de trámites de visado, a comisión do título acordou prorrogar o prazo de matrícula ata a primeira semana de outubro.
- MEQB: 11 alumnos matriculados (máximo 25), aínda que unha estudante de Alxeria non apareceu. A Directora menciona que, adicionalmente, hai 5 persoas máis que van matricularse (xa están participando das sesións iniciais do módulo 1): 4 delas farano no prazo de ampliación de matrícula en vacantes (21 de setembro a 2 de outubro) e a outra farao no prazo de matrícula condicionada (4 e 5 de outubro).
- Máster en Xestión Sostible da Auga (MXSA): 0 alumnos matriculados (máximo 10). A Directora menciona que hai 4 alumnos matriculados na UdC e 3 alumnos matriculados na UVigo. A matrícula permanecerá aberta nas tres universidades.

A Directora informa que o 12/09/2023 publicouse a RESOLUCIÓN REITORAL DO 12/09/2023 POLA QUE SE ESTABLECE O RÉXIME DE INCLUSIÓN NA SEGURIDADE SOCIAL E COTIZACIÓN DO ALUMNADO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA QUE REALICE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS. Nesa resolución indícase que a USC asumirá as obrigas derivadas da inclusión no sistema da Seguridade Social do alumnado que realice prácticas académicas externas curriculares e extracurriculares non remuneradas (incluídas as conducentes á elaboración de TFG e TFM). No caso das prácticas remuneradas o coste da SS correrá a cargo das empresas. A Directora indica que os centros serán os encargados de tramitar as altas e baixas do alumnado o que supón unha carga de traballo adicional para a unidade de xestión de centros e departamentos. Esta resolución comezará a aplicarse a partir do 01/01/2024.

A Directora indica que hoxe recibíuse a resolución de cofinanciamento de prácticas de campo para o primeiro cuadrimestre do curso 2023-24 na que se concedeu o 85% do solicitado (4650 de 5467 € solicitados) o que supón unha mellora con respecto ao curso anterior. A Escola farase cargo de financiar o resto.

Informe de espazos:

A Directora comenta que empezou a funcionar a nova Aula 9 para o MCV e as dúas novas aulas do Edificio Emprendia. Houbo algunhas incidencias os primeiros días por cuestións pendentes de rematar pero neste momento xa case está todo solucionado. Na obra deuse prioridade ás aulas polo que a previsión para terminar as obras nos despachos é finais de outubro. No que respecta ao novo profesorado que tomou posesión a primeiros de setembro tivemos que buscar unha solución provisional en espazos do CITIUS e do edificio ETSE.

Informes de coordinadores/as:

O Prof. Francisco Omil Prieto informa que na Comisión Académica do MENA do 15/09/2023:

- Aprobouse a autorización da ampliación do período de matrícula ata o 05/10/2023 para as prazas vacantes, dada a incerteza causada principalmente polos estudantes estranxeiros de países que teñen problemas cos visados, así como dun número menor de estudantes que aínda non se incorporaron e dos que non temos novas.
- A Comisión aceptou por unanimidade a petición da Prof^a. Zulema Varela Río, do Depto. Bioloxía funcional, área de Ecoloxía. para impartir 4h de docencia interactiva de laboratorio na materia Ecotoxicoloxía (P 4013 204).
- Aprobáronse as peticións da Prof^a. Gemma Eibes, Investigadora RyC (área de Enxeñaría Química) e do Prof. Álvaro Gil, TU (área de Edafoloxía e Química Agrícola) para formar parte do corpo docente da materia TFM.

O Prof. Manuel Mucientes Molina informa da realización de tres Comisións Académicas do MBD:

- 06/07/23: Aprobación de tribunais para TFM depositados na convocatoria de xullo de 2023.
- 21/07/2023: Valoración de méritos dos alumnos candidatos a cursar o Máster en 2023-24.
- 04/09/2023: Aprobación de tribunais para TFM depositados na convocatoria de setembro de 2023.

A Prof.^a María Jesús Taboada Iglesias informa da realización de dúas Comisións Académicas do MIA:

- 26/07/2023: Valoración das solicitudes para cursar o MIA.
- 09/09/2023: Aprobación por unanimidade dos documentos modelo para a avaliación das prácticas en empresa.

O Prof. Pablo Quesada Barriuso informa da realización de seis Comisións Académicas do MHPC dende a última Xunta de Escola, 4 delas interuniversitarias:

- 13/09/2023 – Comisión interuniversitaria: Aprobación dunha solicitude de matrícula a tempo parcial por desempeñar unha actividade laboral, profesional o empresarial.
- 01/09/2023 – Comisión interuniversitaria: Aprobación do calendario de TFMs e dos tribunais de TFMs da convocatoria de setembro.
- 26/07/2023 – Comisión USC: Aprobación de candidatos para o curso 2023-24 unha vez aplicados os criterios de selección específicos.
- 22/06/2023 – Comisión interuniversitaria: Aprobación do calendario de TFMs e dos tribunais de TFMs da convocatoria de xuño.
- 02 de xuño de 2023 - Comisión interuniversitaria:
 1. Aprobación das propostas de anteprojectos presentadas directamente por alumnos para a convocatoria ordinaria.
 2. Aprobación da realización de prácticas profesionais de Daniel Castillo no mesmo centro no que está contratado (CITIUS).
 3. Modificación do horario de clases do curso 2023-24 para que volva a ser de 16:00-20:00.
 4. Aprobación da modificación dos programas das materias: Herramientas HPC y Taller de Proyectos.
- 02 de xuño de 2023 – Comisión USC:
 1. Aprobación dos programas das materias impartidas polo profesorado do Departamento.
 2. Modificación do horario de clases do curso 2023-24 para que volva a ser de 16:00-20:00.

A Directora informa da realización de dúas Comisións Académicas do MEQB:

- 7 de xullo: Solicitude do MEQB á convocatoria para o financiamento de accións de mellora de másteres oficiais da USC 2023, da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización:
 1. Adquisición de un microscopio para as prácticas de Biocatálise (categoría “Material”).
 2. Potenciación de habilidades do alumnado de nova incorporación para o traballo eficaz e eficiente en equipos a través da metodoloxía Belbin (categoría “Transversais”).
 3. Visita técnica a unha empresa relacionada cos contidos de todas as materias que configuran o módulo 1.
- 28 de xullo:
 1. Aprobación de tribunais de defensa de TFM na convocatoria de setembro de 2023.
 2. Modificación de horarios dos módulos 1 e 2 do curso 2023-2024.
 3. Modificación da composición da Comisión Académica do MEQB: cese de oficio de un estudante que deixou de selo, e substitución da Prof.^a María Trinidad de Miguel polo Prof. Carlos R. Osorio.

4. Informe proposta Doutor Honoris Causa.

A Directora informa que o Consello do Departamento de Electrónica e Computación, na súa reunión ordinaria do 11/09/2023, acordou por unanimidade propoñer a concesión do título de Doutor Honoris Causa ao Dr. Ramón López de Mántaras, profesor investigador emérito do Centro Superior de Investigaciones Científicas (CSIC). Segundo o disposto no Regulamento de concesión de

doutorados honoris causa da USC aprobado na sesión do Claustro Universitario o 21/12/2006 as propostas dos departamentos deberán contar co informe preceptivo favorable de polo menos unha Xunta de Facultade ou Escola e ser aprobadas pola maioría absoluta dos membros do respectivo Consello de Departamento ou Xunta de Goberno do Instituto. Posto que a proposta do Departamento foi aprobado por unanimidade falta a emisión do informe favorable da nosa Xunta de Escola.

O Director do Departamento de Electrónica e Computación, Manuel Lama, indica que o Prof. Ramón López de Mántaras é profesor investigador emérito do Centro Superior de Investigacións Científicas (CSIC) e foi fundador e director do Instituto de Investigación de Intelixencia Artificial (IIIA), un centro de referencia nacional e internacional no ámbito da IA. O profesor Mántaras conta con un gran número de premios que recoñecen a súa traxectoria investigadora, entre os cales destacan “Robert S. Englemore Memorial Award” da American Association of Artificial Intelligence (AAAI), en 2011; o “Premio Nacional da Sociedade Científica Informática”, en 2012; o “Distinguished Service Award de la European Association of Artificial Intelligence”, en 2016; e o “IJCAI Donald E. Walker Distinguished Service Award”, en 2017.

O profesor Ramón López de Mántaras ven colaborando dende hai décadas con investigadores da USC e a través da súa participación activa en moi diversas actividades académicas e científicas, como tribunais de tese, conferencias e seminarios e, dun modo moi destacado, na súa participación en comités científicos de congresos organizados na USC. Ademais, o profesor Mántaras é membro da Comisión Científica Externa do CíTUS desde a súa creación, e actualmente preside dito consello, formado por científicas e científicos cun altísimo prestixio internacional nos seus campos de investigación. O seu desempeño como membro e, en particular, como presidente desta comisión é fundamental para a mellora constante do centro, a implicación do mesmo en proxectos de alto impacto nacional e internacional e a proxección e visibilidade do CíTUS, en particular entre a comunidade científica internacional.

Sen comentarios por parte da Xunta de Escola, emítase un informe favorable.

5. Aprobación, se procede, de modificacións nos horarios de Grao en Enxeñaría Química, Grao en Enxeñaría Informática e Grao en Intelixencia Artificial, curso 2023-24.

A Directora informa que existen propostas de cambios de horarios do próximo curso para os tres títulos de Grao que se achegaron á convocatoria. O Secretario informa dos principais cambios:

Grao en Enxeñaría Informática - Primeiro cuadrimestre:

- A sesión interactiva do grupo 1 de Enxeñaría do Software pasa do martes de 15:30-18:00 ao martes de 16:00-18:30.

Grao en Intelixencia Artificial - Primeiro cuadrimestre:

- A sesión interactiva do grupo 2 de Algoritmos pasa do mércores de 17:30-20:00 ao venres de 11:30-14:00.

Grao en Enxeñaría Química - Primeiro cuadrimestre:

Primeiro curso:

- A sesión interactiva do grupo-3 de Fund. Proc. Químicos do 7 de novembro adiántase ás 16h.
- A sesión interactiva do grupo-1 de Fund. Proc. Químicos do 9 de novembro adiántase ás 16h.
- A sesión interactiva do grupo-2 de Informática do 7 de novembro pásase ó 9 de novembro ás 18h.
- A sesión interactiva do grupo-1 de Informática do 9 de novembro pásase ó 7 de novembro ás 18h.

Segundo curso:

- A sesión interactiva do grupo-2 de Electrotecnicia do 14 de novembro pásase ó 31 de outubro de 9-11h.
- A sesión interactiva do grupo-3 de TAEQ (Transporte de Fluídos) do 21 de novembro pásase ó 17 de novembro de 11-13h.
- A sesión do grupo de interactivas en inglés de Química Orgánica 2C do 1 de marzo pásase ó venres 8 de marzo de 9-13h.

Cuarto curso:

- A sesión interactiva do grupo-3 de Simulación y Optimización do 26 de outubro pásase ó 27 de outubro de 9-11h.
- As sesións interactivas de Simulación y Optimización da semana do 13-17 de novembro pásanse á semana do 11-15 de decembra de 9-11.
- A sesión interactiva do grupo-2 de Simulación y Optimización do 29 de novembro pásase ó 30 de novembro de 9-11.
- A sesión interactiva do grupo-3 de Simulación y Optimización do 30 de novembro pásase ó 4 de decembro de 9-11.

Sen comentarios por parte da Xunta de Escola, os cambios apróbanse por asentimento.

O alumno Darío Senín Sotelo, en representación do alumnado, propón uns cambios adicionais no horario do GrEQ xa aprobado. A Xunta de Escola decide aprobar eses cambios condicionados a un análise máis detallado da proposta. A continuación relátanse os cambios aceptados:

- As sesións interactivas do grupo-2 de Fund. Proc. Químicos pásanse ós mércores.
- As sesións interactivas do grupo-ing de Fund. Proc. Químicos pásanse ós xoves.
- As sesións interactivas do grupo-1 de Fund. Proc. Químicos pasan dos xoves aos martes.
- As sesións interactivas do grupo-3 de Fund. Proc. Químicos pasan dos martes aos xoves.
- As sesións interactivas do grupo-1 de Informática de novembro pasan dos martes aos xoves.
- As sesións interactivas do grupo-2 de Informática de novembro pasan dos xoves aos martes.
- As sesións interactivas de Electrotecnicia da semana do 30 de outubro ao 3 de novembro pásanse á semana do 13-17 de novembro.
- A sesión interactiva do grupo-1 de Electrotecnicia do 13 de novembro pásase ao 17 de novembro.
- A sesión interactiva do grupo-3 de Simul. e Optimiz. do 27 de novembro pásase ao 26 de novembro.
- As sesións interactivas de Simul. e Optimiz. da semana do 18-22 de decembro pásanse á semana do 27 de novembro ao 1 de decembro.
- A sesión interactiva do grupo-2 de Simul. e Optimiz. do 29 de novembro pásase ao 27 de novembro.
- A sesión interactiva do grupo-1 de Automática pasa do venres ao xoves na semana do 30 de outubro ao 3 de novembro.
- A sesión interactiva do grupo-3 de Automática pasa do xoves ao venres na semana do 30 de outubro ao 3 de novembro.

6. Informe de docencia

A Prof^a. Axudante doutora do Departamento de Química Analítica Nutrición e Bromatoloxía, Rosa Montes Goyanes, solicitou informe da docencia desenvolvida na titulación de Enxeñaría Química e no GrEQ para a solicitude de acreditación. A docencia impartida foron 39h no curso 2022-23 na materia Xestión da Calidade como Investigadora Distinguida Manuela Barreiro e 35h no curso 2006-07 na materia Técnicas Instrumentais como Becaria FPU. A Comisión de título acordou emitir informe favorable na súa reunión de 13/09/23.

Sen comentarios por parte da Xunta de Escola, o informe apróbase por asentimento.

7. Aprobación, se procede, de solicitudes de dispensa de asistencia a clase.

A Directora informa das seguintes solicitudes:

- O alumno do Grao en Enxeñaría Química Héctor López Lorenzo solicitou a dispensa de asistencia a clase durante o mes de setembro das materias Simulación e Optimización e Termodinámica Aplicada á Enxeñaría Química por ter un contrato de traballo que remata o 28 de dito mes. A Comisión do Grao en Enxeñaría Química en reunión de 20/09/23 informou favorablemente a solicitude dado que na programación docente de ditas materias non figura ningunha actividade de carácter e solicitárase ao profesorado correspondente a adaptación do sistema de avaliación pertinente.

Sen comentarios por parte da Xunta de Escola, a solicitude apróbase por asentimento.

- O alumno do Grao en Intelixencia Artificial Alberto Bravo López solicitou dispensa de asistencia a clase para todas as materias do segundo curso. Na solicitude presentada o estudante indica como motivo da solicitude o feito de traballar a tempo completo e fai unha solicitude xeral de dispensa de presenza en tódalas materias e clases (expositivas e interactivas), xa que non fai especificación ningunha nin limitación no alcance da súa solicitude. A Comisión do Grao reunida o 19/09/23 acordou denegar a solicitude presentada xa que considerou que o grao é presencial e non parece aconsellable outorgar unha dispensa xeral sen limitacións como a solicitada, cando na solicitude non se acredita ningunha das circunstancias establecidas na normativa da USC (instrución I/2017). Adicionalmente, non se da ningunha circunstancia sobrevida, porque a relación laboral xa se daba antes de que o estudante formalizase a súa matrícula. Con todo a comisión propón informarlle da posibilidade de solicitar matrícula a tempo parcial, que é axeitado para circunstancias como as súas.

A Xunta de Escola acorda denegar a solicitude presentada de dispensa total de asistencia a clase.

8. Aprobación, se procede, do nomeamento de membros de comisións académicas.

A Directora indica que:

- A Comisión do MEQB, na reunión do 28/07/23, acordou propoñer o nomeamento do Prof. Carlos Rodríguez Osorio como novo membro da comisión e os ceses da Profª. Trinidad de Miguel Bouzas e do estudante Adrián Carpena Viqueira.
- A Comisión do MCV, na súa reunión do 26/07/23, acordou propoñer o nomeamento do Prof. Nicolas Vila Blanco como membro da comisión e o cese da Profª. María José Carreira Nouche.
- A Comisión do MCV, na súa reunión de 26/07/23, acordou propoñer o nomeamento do Prof. Víctor Brea Sánchez como secretario da comisión e o cese da Profª. Eva Cernadas García nese cargo.
- A Comisión do GrEI, na súa reunión de 20/09/23, acordou propoñer o nomeamento do Profª. María Jesús Taboada Iglesias como novo membro da Comisión Permanente en e o cese do Prof. David López Vilariño.
- A Comisión do MBD, na súa reunión de 20/09/23, acordou a incorporación de Nicolás Vilela Pérez como representante do alumnado a o cese de Juan Carlos Nieto García.

Sen comentarios por parte da Xunta de Escola, os cambios apróbanse por asentimento.

9. Aprobación, se procede, do nomeamento de coordinadora de prácticas do Grao en Enxeñaría Química.

A Directora expón que a Comisión Académica do GrEQ, na reunión do 13/09/23, acordou propoñer o nomeamento da Profª. Gemma Eibes González como nova coordinadora de prácticas en empresa e o cese da Profª. Almudena Hospido Quintana.

Sen comentarios por parte da Xunta de Escola, o nomeamento apróbanse por asentimento.

10. Aprobación, se procede, do Regulamento de elección de representantes de curso.

A Directora indica que en resposta a unha queixa presentado por unha profesora do centro en relación ao procedemento de elección dos representantes de curso dos títulos (delegado e subdelegado) a Secretaría Xeral da USC informou que a regulación dos delegados de curso figura no Estatuto do Estudantado da USC (Aprobado polo Claustro Universitario o 28-11-2019) onde o Artigo 28 indica que:

“1. Os centros poderán prever a existencia de delegados de aula ou grupo. Estes serán elixidos polos seus compañeiros en votación e exercerán de voceiros das decisións maioritariamente adoptadas na súa aula ou grupo.”

Ademais, a Secretaría Xeral resalta que a regulación actual do Centro sobre esta figura é anterior ao establecido no citado Estatuto e que, polo tanto, a elección dos delegados debe ser realizada por votación entre os seus compañeiros, tal e como se recolle na normativa sobre a materia. Finalmente, a Secretaría Xeral indícanos que no próximo curso a elección dos delegados de aula ou grupo debe realizarse necesariamente conforme á normativa xeral da USC e a específica do Centro deberá respectar sempre a normativa xeral.

A Directora sinala que, para adecuar a normativa do centro nesta materia, a Comisión de Calidade da ETSE, na reunión de 12/09/23, elaborou unha proposta para a elección dos representantes de curso para a súa aprobación, que se achegou á convocatoria, pola Xunta de Escola. A proposta foi revisada pola Secretaría Xeral da USC que propuxo os cambios sobre a proposta inicial que están resaltados no documento.

A Xunta de Escola discute os detalles da proposta e realiza un cambio no punto terceiro. Especificamente, cando o número de candidatos/as sexa inferior ao número de postos elixibles, as vacantes asignaranse por sorteo.

Sen mais comentarios por parte da Xunta de Escola, apróbase presentar esta proposta por asentimento.

11. Quenda aberta

Non houbo asuntos que tratar.

Sen mais cuestións, dáse por finalizada a sesión ás 13:45h.



“Obradoiro de Presentacións Oraís”

Organizador: Juan M. Lema Rodicio, Prof. do Departamento de Enxeñaría Química

Días: 10, 17 e 24 de novembro e 1 e 15 de decembro de 12:30 a 14:30 horas.

Lugar: Aula de Proxectos da Escola Técnica Superior de Enxeñaría

Titulacións: Alumnos da ETSE, aínda que terán preferencia os de 1º de Grao en Enxeñaría Química, Grao en Intelixencia Artificial e Grao en Enxeñaría Informática.

Criterios de selección: orde de inscrición

Nº máximo de alumnos: 20

Obxectivo.

Curso teórico - práctico para deseño e exposición de presentacións. O Curso consta de 9 h presenciais e 16 h de traballo persoal, cun volume total de 1 ECTS.

Contidos

Tema 1.- Deseño dunha presentación. Xerando o contido

Definición do Obxectivo final. Planificando a presentación: O formato, As cores, Simplicidade e Intelixibilidade, Tipografía, O uso do espazo, Ilustracións.

Tema 2.- Habilidades comunicativas.

Influíndo na audiencia, mantendo a atención, transmisión non verbal, tipos de comunicación, A introdución, Corpo central, Conclusións, O peche.

Avaliación (so para os alumnos de GREQ)

Avaliarase mediante o deseño e exposición dunha presentación.

Lugar de inscrición: enviar correo electrónico a aula.profesional@usc.es cos seguintes datos: Nome, Titulación, Curso, (**ata o 4 de novembro de 2022 ás 14 horas**)

Confirmarase a admisión por correo electrónico.



Aula Profesional E.T.S.E.

TALLER PRÁCTICO DE OPTIMIZACIÓN DE PROCESOS E PRODUCTOS MEDIANTE DISEÑO DE EXPERIMENTOS.

Nº horas: 10 h

